Lingoa proletaria do meu _____

eu fáloa porque si, porque quero, porque me gosta,

porque me _____ e dame a gaña

porque me sae de dentro, alá do fondo

dunha __________ aceda que me abrangue

ao ver tantos patufos desleigados,

pequenos mequetrefes sen raíces

que ao pór a ___________ xa non saben

afirmarse no amor dos devanceiros,

falar a fala _______,

a fala dos avós que temos mortos,

e ser, co rostro erguido,

___________, labregos do lingoaxe,

remo i arado, proa e rella sempre.

Eu fáloa porque si, porque me gosta

e quero estar cos meus, coa xente miña,

perto dos homes bos que sofren longo

unha historia contada noutra lingoa.

Non falo pra os soberbios,

non falo pra os ______ e poderosos,

non falo pra os finchados,

non falo pra os baleiros,

non falo pra os estúpidos,

que falo pra os que agoantan rexamente

mentiras e inxusticias de cotío;

pra os que _______ e choran

un pranto cotidián de bolboretas,

de lume e vento sobre os ollos núos.

Eu non quero arredar as miñas ________

de tódolos que sofren neste mundo.

E ti vives no mundo,

Galicia, doce mágoa das Españas,

deitada frente ao mar, ise camiño…

Celso Emilio Ferreiro

LIVEWORKSHEETS